

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

AVALIACIÓN

Qué entendemos por avaliación?:

Un referente tanto para valorar o progreso do alumnado como a mellora continua do proceso educativo e punto de referencia para a adopción das medidas precisas para o reforzo educativo.

Polo tanto, para avaliar debemos “valorar”, ou sexa dar valor a algo. Isto é importante xa que na avaliación o que imos facer será establecer unha escala de valores (puntuación) e determinar en cada caso en qué punto desa escala está o que queremos avaliar mediante comparación có que podemos definir como “referente de avaliación”.

Os referentes de avaliación os atoparemos sempre nos CURRÍCULOS dos ciclos formativos en forma de “criterios de avaliación” e de “resultados de aprendizaxe”

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Qué dí a norma:

[O REAL DECRETO 1147/2011](#), de 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, no seu artigo 51º.

Avaliación das ensinanzas de formación profesional.

“1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado das ensinanzas de formación profesional realizarase por módulos profesionais. Os procesos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas das que puidese ser obxecto o alumnado con discapacidade e garantirase a súa accesibilidade ás probas de avaliación.

2. En todo caso, a avaliación realizarase tomando como referencia os obxectivos, expresados en resultados de aprendizaxe, e os criterios de avaliación de cada un dos módulos profesionais, así como os obxectivos xerais do ciclo formativo ou curso de especialización.”

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Qué dí a norma:

[O DECRETO 114/2010](#), de 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, no seu artigo 49º.-

Procedementos para a avaliación do alumnado.

“1. Os procedementos de avaliación aplicados polo equipo docente terán en conta a competencia xeral e as capacidades profesionais, personais e sociais características do título, que constitúen a referencia para definir os obxectivos xerais do ciclo formativo e os obxectivos, expresados en termos de resultados de aprendizaxe, dos módulos profesionais que o conforman. A valoración do grao de consecución destes resultados de aprendizaxe faranse tomando como referencia inmediata os criterios de avaliación establecidos para cada módulo.

2. Na avaliación do módulo de formación en centros de traballo, se terá en conta a valoración feita pola persoa ou as persoas responsables designadas polos correspondentes centros de traballo para o seguimento da formación do alumnado durante a estancia nestes.

3. Os procesos de avaliación adecuaranse as necesidades metodolóxicas que presenta o alumnado con necesidades específicas, e se garantirá a accesibilidade ás probas de avaliación.”

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Qué dí a norma:

[A Orde do 12 de xullo de 2011](#) regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. No Artigo 27. Consideracións xerais, dí:

“2. Denomínanse sesións de avaliación as reunións de carácter colexiado que realice o equipo docente, convocadas e presididas polo profesor ou a profesora que se encargue da **titoría do grupo**, levadas a cabo co obxecto de contrastar as informacións proporcionadas polo profesorado de cada módulo profesional en relación coa valoración dos resultados de aprendizaxe do alumnado e co seu progreso na consecución dos obxectivos xerais do ciclo. Nestas sesións, o equipo docente tomará as decisións que afecten o proceso de avaliación e promoción do alumnado.”

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Compre pois acudir aos currículos correspondentes ao título de FP no que impartimos os módulos correspondentes:

Como referencia xeral, atopamos a estrutura do currículo no [decreto 114](#) nomeado anteriormente. Ao que nos atinxe, imos ver a estrutura dos módulos formativos, aínda que deberemos coñecer o obxectivo xeral do ciclo xa que nos serve como unha primeira aproximación ao que imos valorar. A estrutura do módulo é:

1. Os módulos profesionais especificarán:

- Denominación e código.
- Equivalencia en créditos ECTS ou ECVET, no seu caso.
- Duración en horas.
- Obxectivos, expresados en termos de resultados de aprendizaxe.
- Criterios de avaliación.
- Contidos básicos, que quedarán descritos de modo integrado, en termos de procedementos, conceptos e actitudes.
- Orientacións pedagóxicas para o seu desenvolvemento.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

2. No caso de que o módulo esté organizado en **unidades formativas** de menor duración, a estrutura destas será similar á dos módulos profesionais, e especificarán:

-Denominación e código.

-Duración en horas.

-Obxectivos, expresados en termos de resultados de aprendizaxe.

-Criterios de avaliación.

-Contidos básicos, que quedarán descritos de modo integrado, en termos de procedementos, conceptos e actitudes.

Vemos que a parte avaliabile mais pequena é a unidade formativa, Cómo encaixa isto no concepto de “avaliación continua”?

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Qué dí a norma:

[A Orde do 12 de xullo de 2011](#) . No Artigo 25.2 dí:

“2. A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, nas modalidades de ensino presencial cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo.”

Da lectura deste artigo poderíamos entender que o concepto de avaliación continúa implica que se temos avaliado unha parte do módulo, o alumnado ten avaliado **TODO o anterior** ata ese momento.

Pero realmente non dí tal cousa, o que dí é que temos que avaliar durante todo o proceso formativo. Qué pasa cando avaliamos negativamente unha unidade formativa e, na seguinte o alumnado acada avaliación positiva?. É cando ten aprobada a terceira avaliación pero a/as anteriores están suspensas?.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Qué dí a norma:

[A Orde do 12 de xullo de 2011](#) . No Artigo 29.3 dí:

“3. Para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos de primeiro curso. Non obstante, nos módulos superados a cualificación final coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial .”

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Qué dí a norma:

A normativa non fala nada de casos particulares.

Propoño dúas opcións:

1^a.- Indicar na programación, na derradeira actividade do módulo unhas tarefas de avaliación cunha/s proba/s teórico-práctica/s de recuperación para a materia pendente.

Neste caso, deberíamos asociarlas a todos os criterios de avaliación fixados como mínimos exixibles e darlle un tempo para a súa realización.

Os instrumentos de avaliación serían un ou varios de acordo ao deseñado para eses criterios mínimos.

2^a.- Indicar na programación, no apartado 5 de “Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación ”, a realización dunha/s proba/s teórico-práctica/s finais para todo o alumnado de xeito que ao alumando con materia non aprobada lle permita superala a ao alumnado con materia superada lle permita subir nota.

Esta opción é a preferida pola inspección.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Vemos que tanto a estrutura das unidades formativas como os módulos profesionais inclúen os dous elementos de referente de avaliación:

Resultados de aprendizaxe (RA):

Están expresados de xeito que se determinan tres partes:

1º.- Verbo de acción en primeira persoa. O alumnado debe realizar “algo”

2º.- Elementos de complemento sobre os que se aplica a acción. O alumnado debe saber “qué”.

3º.- Elementos de contexto que definen a forma de facer. O alumnado debe saber “como”.

Exemplo:

“Conforma a carrozaría cos equipamentos e os útiles de estiraxe, substituíndo, de ser o caso, conxuntos e/ou subconxuntos, con aplicación das técnicas e os procedementos requiridos en cada caso.”

Criterios de avaliación (CA):

Coa mesma estrutura, se modifica o tempo do verbo en pasado impersonal. En ocasións se limitan a verbo e contexto.

Exemplo:

“Utilizáronse os medios de protección colectivos e individuais asociados ás operacións que se desenvolveran no proceso.”

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

“Os resultados de aprendizaxe son enunciados acerca do que se espera que o estudante sexa capaz de facer, comprender e/ uo sexa capaz de demostrar unha vez terminado un proceso de aprendizaxe.” (Dtor. Declean Kennedy).

Derivados dos obxectivos, expresan logros mais concretos que éstos. Lóxicamente, o alumnado debe ser capaz de ter acadados TODOS os resultados de aprendizaxe para aprobar o módulo.

Se observamos o currículo, cada unidade formativa contén varios resultados de aprendizaxe completos.

Non debemos crear unidades didácticas que conteñan resultados de aprendizaxe dunha unidade formativa distinta á que pertence.

Como primeira aproximación á avaliación do módulo, podemos limitarnos a avaliar os resultados de aprendizaxe. Para elo, podemos usar a rúbrica de tal xeito que determinemos o nivel mínimo de adquisición dese resultado como mínimo esixible.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Se escollemos un exemplo de RA, podemos clasificalo para a súa avaliación:

Conforma a carrozaría cos equipamentos e os útiles de estiraxe, substituíndo, de ser o caso, conxuntos e/ou subconxuntos, con aplicación das técnicas e os procedementos requiridos en cada caso.

- Conforma a carrozaría **con todos** os equipamentos e os útiles de estiraxe, substituíndo, de ser o caso, conxuntos e/ou subconxuntos, con aplicación das técnicas e os procedementos requiridos en cada caso.
- Conforma a carrozaría **con varios** equipamentos e útiles de estiraxe, substituíndo, de ser o caso, conxuntos e/ou subconxuntos, con aplicación das técnicas e os procedementos requiridos en cada caso.
- Conforma a carrozaría **con todos** os equipamentos e os útiles de estiraxe, **non** substituíndo, de ser o caso, conxuntos e/ou subconxuntos, con aplicación das técnicas e os procedementos requiridos en cada caso.
- Conforma a carrozaría **con todos** os equipamentos e os útiles de estiraxe, **non** substituíndo, de ser o caso, conxuntos e/ou subconxuntos, e **non** aplica as técnicas e os procedementos requiridos en cada caso.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Vemos que as posibilidades son numerosas e, posiblemente, este RĀ se aplica a mais dunha unidade didáctica polo que na práctica non é moi viable facer a avaliación por RĀ's.

Para axustar a avaliación a cada unidade didáctica deseñada, convén utilizar como referente de avaliación os criterios de avaliación (CA).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Descompoñen os RĀ en accións que o alumnado debe acadar. Básicamente, indican o que o alumnado aprende e o que o profesorado debe aprenderlles.

Na estrutura do currículo, informa ao profesorado do que debe avaliar. Podéñse utilizar para o deseño das unidades didácticas en función da relación de contidos.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Se tomamos como referentes de avaliación os CA's, observaremos que podemos concretar dúas accións:

Definir os CA's correspondentes a cada unidade didáctica deseñada.

Definir os CA's considerados como “mínimos exixibles”

CA's das unidades didácticas:

O mais simple sería deseñar cada unidade didáctica de xeito que sexa avaliada con varios CA's completos.

Podemos asignar un mesmo CA a varias unidades didácticas. Neste caso, na programación deberemos descompoñer o CA en SubCA de xeito que cada subCA se asigne a unha UD diferente.

Usando o CA do exemplo:

Utilizáronse os medios de protección colectivos e individuais asociados ás operacións que se desenvolveran no proceso.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

O podemos descompoñer nos seguintes SubCA:

- Utilizáronse os medios de protección **colectivos** asociados ás operacións que se desenvolvan no proceso.
- Utilizáronse os medios de protección **individuais** asociados ás operacións que se desenvolvan no proceso.

Cada SubCA pódese asignar a unidades didácticas diferentes
Mediante esta operación, aumentamos o número de CA's pero definimos mellor o que queremos avaliar.

Mínimos exixibles:

O mais simple sería escoller aqueles CA's que o alumnado debe superar para adquirir o nivel mínimo que fixamos no resultado de aprendizaxe. Podemos atoparnos con que o nivel mínimo sexa unha parte dun CA, nese caso, convén facer a mesma operación anterior, isto é subdividilo en SubCA's.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Exemplo: Diagnostica deformacións estruturais en vehículos, tendo en conta a relación entre as cargas aplicadas e os efectos producidos.

RA, CA, BC e contidos	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10	Notas
RA 1 Diagnostica deformacións estruturais en vehículos, <input type="text" value="..."/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	
CA 1.1 Explicouse a deformación que pode sufrir a estrutura dur <input type="text" value="..."/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
CA 1.2 Describíronse os métodos e os equipamentos de diagnós <input type="text" value="..."/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
CA 1.3 Identificáronse os parámetros que haxa que comprobar r <input type="text" value="..."/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	
CA 1.3.1 CA1.3.1 Diferenciáronse os tipos de carrozarías <input type="text" value="..."/> <input type="text" value="..."/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
CA 1.3.2 CA1.3.2 Identificáronse os materiais empregados na carr <input type="text" value="..."/> <input type="text" value="..."/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
CA 1.3.3 CA1.3.3 Recoñecéronse os distintos métodos de fabricad <input type="text" value="..."/> <input type="text" value="..."/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
CA 1.4 Interpretouse a documentación técnica correspondente. <input type="text" value="..."/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
CA 1.5 Realizáronse medidas dos parámetros determinados con <input type="text" value="..."/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	
CA 1.6 Relacionáronse os datos obtidos no proceso de medición <input type="text" value="..."/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	
CA 1.7 Diagnosticáronse os danos sufridos. <input type="text" value="..."/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	
CA 1.8 Cotáronse tridimensionalmente as zonas deformadas. <input type="text" value="..."/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

UD2 - Carrozarías: Características,deseño, materiais e tipos construtivos ▼

Seleccionar Unidade

Unidade

Actividade ▶

Critérios de avaliación ▼

Tipo de instrumento de avaliación
-- TODOS -- ▼

Mínimos exixibles
-- TODOS -- ▼

Filtrar

Criterios de avaliación	Instrumento de avaliación	Sobre que se aplica	Mínimos exixibles	Peso orientativo
CA1.1 - Explicouse a deformación que pode sufrir a estrutura dun vehículo ao ser sometida a cargas de distintos tipos.	PE: Proba escrita ▼	Coñecementos do alumando	NON ▼	14 %
CA1.2 - Descríbóronse os métodos e os equipamentos de diagnóstico de danos en relación coas deformacións que haxa que controlar.	PE: Proba escrita ▼	Coñecementos do alumando	NON ▼	14 %
CA1.3 - Identificáronse os parámetros que haxa que comprobar na estrutura do vehículo.				
CA1.3.1 - CA1.3.1 Diferenciáronse os tipos de carrozarías	PE: Proba escrita ▼	Coñecementos do alumando	SI ▼	14 %
CA1.3.2 - CA1.3.2 Identificáronse os materiais empregados na carrozaría	PE: Proba escrita ▼	Coñecementos do alumando	NON ▼	14 %
CA1.3.3 - CA1.3.3 Recoñecéronse os distintos métodos de fabricación e ensamblaxe da carrozaría	TO: Táboa de observación ▼	Proceso de traballo	SI ▼	14 %
CA1.4 - Interpretouse a documentación técnica correspondente.	PE: Proba escrita ▼	Coñecementos do alumando	NON ▼	15 %
CA1.8 - Cotáronse tridimensionalmente as zonas deformadas.	LC: Lista de cotexo ▼	Memoria da práctica	NON ▼	15 %
Total				100 %

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

EXEMPLO

RA: Diagnostica deformacións estruturais en vehículos, tendo en conta a relación entre as cargas aplicadas e os efectos producidos.

Escalas:

6.- Diagnostica deformacións estruturais en vehículos, tendo en conta sempre a relación entre as cargas aplicadas e os efectos producidos.

5.- Diagnostica deformacións estruturais en vehículos, tendo en conta algunha relación entre as cargas aplicadas e os efectos producidos.

4.- Diagnostica deformacións estruturais en vehículos, non tendo en conta a relación entre as cargas aplicadas pero sí os efectos producidos.

3.- Diagnostica deformacións estruturais en vehículos, tendo en conta a relación entre as cargas aplicadas pero non os efectos producidos.

2.- Diagnostica deformacións estruturais en vehículos, non tendo en conta a relación entre as cargas aplicadas nin os efectos producidos.

1.- Non diagnostica deformacións estruturais en vehículos.

O nivel mínimo (nota = 5) sería o 4

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

EXEMPLO

RA: Diagnostica deformacións estruturais en vehículos, non tendo en conta a relación entre as cargas aplicadas e sí os efectos producidos.

- 1.- Explicouse a deformación que pode sufrir a estrutura dun vehículo ao ser sometida a cargas de distintos tipos.
- 2.- **Descríbironse os métodos e os equipamentos de diagnóstico de danos en relación coas deformacións que haxa que controlar.**
- 3.- **Identificáronse os parámetros que haxa que comprobar na estrutura do vehículo**
- 4.- Interpretouse a documentación técnica correspondente
- 5.- Realizáronse medidas dos parámetros determinados con aliñador e compás de varas sobre maquetas ou vehículos reais con algunha deformación
- 6.- Relacionáronse os datos obtidos no proceso de medición cos subministrados pola documentación técnica.
- 7.- **Diagnosticáronse os danos sufridos**
- 8.- Cotáronse tridimensionalmente as zonas deformadas.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Diagnostica deformacións estruturais en vehículos, non tendo en conta a relación entre as cargas aplicadas e sí os efectos producidos. (Ver bloque de contidos 1)

División dun CA en Sub CA's mínimos e non mínimos

Explicouse a deformación que pode sufrir a estrutura dun vehículo ao ser sometida a cargas de distintos tipos.

Calculáronse momentos de sistemas simples UD 3 MÍNIMO

Calculáronse sistemas de forzas simples UD 3

Explicáronse diferentes tipos de deformacións UD 4

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

RA: Diagnostica deformacións estruturais en vehículos, non tendo en conta a relación entre as cargas aplicadas e sí os efectos producidos.

División dun CA en UD diferentes

CA 1.4: Interpretouse a documentación técnica correspondente (unidades didácticas 2 e 3).

UD 2. CONCEPTO DE MEDICIÓN

UD 3. DOCUMENTACIÓN TÉCNICA ASOCIADA

Sub CA 1.4.1.- Interpretouse a medida de pezas nas unidades correspondentes (Corresponde á UD 2)

Sub CA 1.4.2.- Interpretouse a medida en planos nas unidades e escalas axeitadas (Corresponde á UD 3)

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

RA: Diagnostica deformacións estruturais en vehículos, non tendo en conta a relación entre as cargas aplicadas e sí os efectos producidos.

División dun CA en instrumentos de avaliación diferentes

CA 1.4: Interpretouse a documentación técnica correspondente (unidades didácticas 2 e 3).

Sub CA 1.4.1.- Interpretouse a medida de pezas nas unidades correspondentes (Vaise avaliar cunha práctica de medicións aplicando unha lista de cotexo)

Sub CA 1.4.2.- Interpretouse a medida en planos nas unidades e escalas axeitadas (Vaise avaliar cunha proba teórica de interpretación de planos)

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

MÍNIMOS EXIXIBLES

En canto ao proceso de avaliación. O mellor sería realizar un instrumento de avaliación para cada CA designado como mínimo exixible, pero isto soe ser inviable pola cantidade de probas a realizar.

No manual de programacións aconsellan realizar instrumentos de avaliación que conteñan CA's fixados como mínimos e CA's non fixados como mínimos, o nivel para acadar o resultado de aprendizaxe sería acadar unha nota de 5 ou superior nese instrumento.

Exemplo:

Utilizando os CA's dun currículo de www.edu.xunta.es/fp, podemos establecer a relación de mínimos exixibles de xeito que permitan acadar o resultado de aprendizaxe.

Asignaremos CA's a unha unidade didáctica (punto 3.b) e decidiremos qué instrumento de avaliación (xeralmente una proba teórica) empregamos para incluír os CA's mínimos e non mínimos (punto 4.c).

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Mínimos exixibles:

É recomendable que, no caso de existir mais CA's mínimos que non mínimos, as cuestións asociadas aos primeiros sexan mais doadas de respostar que as outras.

Deste xeito, podemos favorecer o aprobado do instrumento respostando acertadamente aos mínimos, asemade, evitamos dalgún xeito o problema de non respostar aos mínimos e se acade o aprobado respostando correctamente aos CA's non mínimos.

No caso de realizar un instrumento de avaliación para un único CA, simplemente superando a nota de 5, daríase por superado o mínimo exixible.

RECORDEMOS QUE OS MÍNIMOS EXIXIBLES SON AQUELES CA's QUE O ALUMANDO DEBE SUPERAR PARA ACADAR O RESULTADO DE APRENDIZAXE E, POR ENDE O MÓDULO.

Sin embargo, na programación podemos determinar outros criterios para superar o módulo, distintos dos CA's (no apartado 5 da programación).

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Mínimos exigibles:

De acordo có indicado anteriormente, para aprobar o módulo, o alumnado debe ter aprobados todos os instrumentos con CA's mínimos. Debemos deseñar entón actividades de recuperación para estes instrumentos.

Para evitar a realización de probas de recuperación de actividades "soltas" pode ser recomendable realizar un novo instrumento de avaliación pouco tempo despois do suspendido.

En todo caso, no apartado 6.a da programación, deberemos recoller as actividades que realizaremos para a recuperación destes criterios.

No caso de instrumentos de recuperación referidos a prácticas, podemos deseñalos incluídos en prácticas posteriores.

Que dí a normativa:

Referido a mínimos exigibles soamente fai referencia a eles a orde de 12 de xullo sen especificar cómo deben establecerse nin qué son.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Mínimos exixibles:

Recomendacións para escoller mínimos:

- Debe ser doado de superar polo alumnado.
- Se debe corresponder có bloque de contidos (BC) que consideremos imprescindible de saber.
- Debe ser importante para a aplicación no contexto produtivo.
- Non debemos escoller demasiados criterios como "mínimos" dentro de cada resultado de aprendizaxe.
- Debe ser fácilmente recuperable

**RECORDEMOS QUE OS MÍNIMOS EXIXIBLES SON COMPETENCIA DOS
DOCENTES DENTRO DA LIBERDADE DE CÁTEDRA**

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Mínimos exigibles:

No seguinte exemplo, podo escoller os dous SubCA como mínimos:

Sub CA 1.4.1.- Interpretouse a medida de pezas nas unidades correspondentes (Vaise avaliar cunha práctica de medicións aplicando una lista de cotexo).

1º.-O alumnado vai facer varias práctica de medición aportando os valores nun documento (ficha, memoria, traballo, lista de cotexo, etc...). **Doado de superar**

2º.- Se considera que o coñecemento no uso dos instrumentos de medida e das unidades é imprescindible. **Imprescindible de saber.**

3º.- Nos talleres precisan que os chapistas manexen ben os instrumentos de medida. **Aplicación no ámbito produtivo.**

4.- No caso de non superar a práctica de medicións, pódese recuperar en prácticas sucesivas onde se realizan novas medicións e/ou con novas medicións durante o curso mentras se realizan outras tarefas. **Doado de recuperar**

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Mínimos exixibles:

Sub CA 1.4.2.- Interpretouse a medida en planos nas unidades e escalas axeitadas (Vaise avaliar cunha proba teórica de interpretación de planos)

1º.-O alumnado vai facer un exame teórico no que debe interpretar un plano. Previamente realiza varios exercicios de interpretación de planos e aplica esta interpretación en reparacións de vehículos. **Doado de superar**

2º.- Se considera que a interpretación de planos é fundamental para coñecer o traballo a desenvolver. **Imprescindible de saber.**

3º.- Nos talleres precisan que os chapistas coñezan a fondo a representación gráfica de pezas e compoñenetes, así como a estrutura dos planos.

Aplicación no ámbito produtivo.

4.- No caso de non superar a proba teórica, pódese recuperar nunha nova proba do mesmo contido ou cunha proba teórica final. **Fácil de recuperar**
POR ÚLTIMO, RECORDAR NON FIXAR DEMASIADOS MÍNIMOS PARA ESTE
RA

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

PESOS ORIENTATIVOS

Nas programacións atopamos dous tipos de pesos orientativos:

1º.- Referidos ás unidades didácticas

2º.-Referidos aos criterios de avaliación

En ámbolos dous casos, o peso se indica en forma de porcentaxe.

1º.- Para as unidades didácticas:

A suma das porcentaxes das UD's do módulo debe ser 100

A porcentaxe que se aplica a cada UD supón a importancia que ten dentro da unidade formativa.

Que dí a normativa:

A orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, no seu artigo 23 punto d) expón que para cada UD se indicarán:

d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado, en relación cos instrumentos de avaliación, os mínimos exixibles e o peso da cualificación.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

PESOS ORIENTATIVOS

O manual da aplicación de programación di textualmente: “O peso da UD na cualificación do módulo, en porcentaxe do total. A aplicación suma os pesos asignados ás UD e obtén o peso da UF na cualificación do módulo. Ademais presenta a suma das porcentaxes asignadas todas as UD (mesmo as das UD das outras UF).

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

PESOS ORIENTATIVOS:

Pode, polo tanto, ocorrer que a porcentaxe total, resultado de sumar as porcentaxes de todas as UD, exceda o 100% porque este valor non se verifica ata que a programación non pasa o proceso de validación. Débense, polo tanto, axustar os pesos das UD de tal forma que o peso total sexa o 100%.

Vemos que non nos áclara nada, sen embargo, o nome “Peso da unidade na cualificación do módulo” nos dá una idea do que quere indicar:

O habitual é que avaliemos por unidades didácticas (una ou varias actividades) e que fagamos a media das cualificacións mediante aplicación da porcentaxe asignada a cada UD.

Neste caso, a porcentaxe que marcamos neste apartado será o criterio de cualificación da media da nota do módulo.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

PESOS ORIENTATIVOS:

Exemplo:

UF 1. Comprende as UD 1, UD2 e UD 3:

Os pesos asignados son:

UD 1 15%

UD 2 20%

UD 3 10%

A nota da UF 1 será (15% da nota da UD 1 + 20% da nota da UD 2 + 10% da nota da UD 3).

Vemos que a porcentaxe da UF 1 sobre o total do módulo sería o 45%, por tanto a nota numérica sería:

$10:4,5 = 2,22$ nota = $x \cdot 2,22$, sendo x o valor acadado na aplicación das porcentaxes das UD sobre 10. Supoñamos que se acadan as seguintes notas:

UD 1 = 7

UD 2 = 5

UD 3 = 7.

Nota da UF: $x = (7 \cdot 0,15 + 5 \cdot 0,20 + 7 \cdot 0,10) = (1,05 + 1 + 0,7) = 2,75$

Nota = $2,75 \cdot 2,22 = 6,1$. Asemade, a nota 2,75 suporía o 45% da nota do módulo (nota de derradeira avaliación e nota final).

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

PESOS ORIENTATIVOS:

Vemos que o procedemento pode ser todo o complexo que desexemos. Para simplificalo, podemos indicar o peso das UD igual, de xeito que o seu valor sería:

$100 / n^{\circ} \text{ UD.}$

Desde a inspección, se indica que o peso na cualificación se debe aplicar nas valoracións e asemade, serían os criterios de cualificación (apartado 5 da aplicación).

¿Qué pasa entón coa cualificación de coñecementos , destrezas e actitudes?

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

PESOS ORIENTATIVOS:

2º.-Referidos aos criterios de avaliación

O peso tamén se indica en porcentaxe.

O seu valor será do 100% na suma de porcentaxes dos CA's **de cada unidade didáctica.**

O valor asignado nos indicará a importancia dese CA dentro da unidade.

Que dí a normativa?:

Na norma non aparece nada. No manual de aplicación se explica:

“Cada un dos CA, por outra banda, terá un peso orientativo na cualificación. Este valor, segundo criterio do/da docente, pretende representar a porcentaxe do peso relativo que ten cada un dos CA para unha UD determinada. Ao ser unha porcentaxe, a suma dos pesos dos CA de cada UD debe sumar o 100 %, e todos deben ter como mínimo un 1 %. Con esta información o/a docente determina cales CA's son os máis importantes da UD e, por tanto, o normal é que teña certa relación cos mínimos exixibles.”

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

PESOS ORIENTATIVOS:

2°.-Referidos aos criterios de avaliación:

Neste caso, se nos informa que o peso dos mínimos non debería ser igual que o do resto dos CA's, en boa lóxica, a porcentaxe dos mínimos exixibles debería ser superior ao do resto.

Supoñendo isto, a suma das porcentaxes dos mínimos exixibles debería ser 50% e a do resto, o outro 50%. Por este motivo se aconsella indicar menos mínimos que non mínimos.

Se aplicamos a mesma consideración destes pesos na cualificación cós das UD's, vemos que deberíamos aplicar notas diferentes a cada CA dentro dun mesmo instrumento de avaliación.

Desde inspección non se dan instrucións para a cualificación dos CA's dentro dos instrumentos. Por este motivo, recomendo que as porcentaxes indicadas neste apartado non teñan que corresponderse coa cualificación das probas.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

NORMATIVA APLICABLE

Como xa se indicou, a normativa de referencia é:

[Real decreto 1147/2011](#)

[Decreto 114/2010](#)

[Orde 12 xullo 2011](#)

[Resolución 7 xullo 2015](#)

Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo. De ámbito estatal:

Artigo 51. Avaliación das ensinanzas de formación profesional.

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado das ensinanzas de formación profesional realizarase por módulos profesionais. **Os procesos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas das que puidese ser obxecto o alumnado con discapacidade e garantirase a súa accesibilidade ás probas de avaliación.**
2. En todo caso, a avaliación realizarase tomando como referencia os obxectivos, expresados en resultados de aprendizaxe, e os criterios de avaliación de cada un dos módulos profesionais, así como os obxectivos xerais do ciclo formativo ou curso de especialización.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

3. O titor da empresa designado polo correspondente centro de traballo para o período de estadía do alumnado colaborará co titor do centro educativo para a avaliación do módulo de formación en centros de traballo. O dito módulo profesional cualificarase como apto ou non apto e non se terá en conta para calcular a nota media do expediente académico.

4. Cada módulo profesional poderá ser obxecto de avaliación en catro convocatorias, excepto o de formación en centros de traballo, que o será en dúas. Con carácter excepcional, as administracións educativas poderán establecer convocatorias extraordinarias para aquelas persoas que esgotasen as catro convocatorias por motivos de enfermidade ou discapacidade ou outros que condicionen ou impidan o desenvolvemento ordinario dos estudos.

5. A cualificación dos módulos profesionais, excepto o de formación en centros de traballo, será numérica, entre un e dez, sen decimais. A superación das ensinanzas requirirá a avaliación positiva en todos os módulos profesionais que as compoñen. **Considéranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos.**

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

6. A nota final do ciclo formativo será a media aritmética expresada con dous decimais. A cualificación obtida nun módulo profesional superado será trasladable a calquera dos ciclos en que estea incluído.
7. As administracións educativas establecerán as condicións de renuncia á convocatoria e matrícula de todos ou dalgúns módulos profesionais. A renuncia á convocatoria reflectirase nos documentos de avaliación coa expresión de renuncia.
8. No caso das ensinanzas cursadas a distancia, a avaliación final para cada un dos módulos profesionais exixirá a superación de probas presenciais en centros autorizados que aseguren o logro dos resultados de aprendizaxe e harmonizarase cos procesos de avaliación que se desenvolvan ao longo do curso.
9. A avaliación dos módulos profesionais incluídos nos programas formativos desenvoltos en alternancia con empresas será realizada polo profesor responsable do módulo, en coordinación, de ser o caso, co titor do centro docente e os titores da empresa.
10. Os documentos do proceso de avaliación das ensinanzas de formación profesional son o expediente académico do alumno, as actas de avaliación e os informes de avaliación individualizados. Os informes de avaliación e os certificados académicos son os documentos básicos que garanten a mobilidade do alumnado.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Decreto 114/2010, de 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. De ámbito autonómico, adiántase ao real decreto xa que un ano antes xa se coñecían as directrices do MEC:

CAPÍTULO XI A AVALIACIÓN

Artigo 48º.-Aspectos xerais do proceso de avaliación.

1. O profesorado avaliará, de xeito individual e en equipo, tanto as aprendizaxes dos alumnos e das alumnas como a súa propia práctica docente.
2. Na avaliación da propia práctica docente terase en conta o seguimento a que se refire o artigo 34º.4 do presente decreto, e valorarase, entre outras, a programación, a organización e a concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo e ás necesidades do alumnado.
3. A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo. A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer o número de faltas que implique a perda do dereito á avaliación continua.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

4. No desenvolvemento do currículo mediante a elaboración das correspondentes programacións dos módulos profesionais, tal e como se establece no artigo 34º deste decreto, prestarase especial atención á toma de decisións propias do proceso de avaliación e, en particular:

- a) **Dos procedementos para avaliar o progreso da aprendizaxe do alumnado e á correspondencia entre os instrumentos xerais de avaliación e os criterios de avaliación.**
- b) **Á planificación das actividades de recuperación de módulos profesionais pendentes, e expresamente aquelas que poidan ser realizables de xeito autónomo polo alumnado.**
- c) **Aos criterios e ás pautas de avaliación que cumpra ter en conta na avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais ou con algún tipo de discapacidade.**

4. Co fin de garantir a función formativa que ten a avaliación e o dereito do alumnado a que o seu rendemento escolar se avalíe con plena obxectividade, conforme o establecido na normativa vixente, para cada módulo profesional **deberase informar dos criterios de avaliación que se vaian aplicar para evidenciar a adquisición das competencias establecidas no currículo, así como do nivel mínimo que se considere suficiente para alcanzar a avaliación positiva.**

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

5. En todo caso, cando se trate de formación dirixida a persoas adultas, o proceso avaliador adaptarase ás súas peculiaridades.

6. Para o caso de ofertas parciais de unidades formativas de menor duración, que constitúan unidades formativas establecidas no currículo do ciclo formativo correspondente, seguirase o procedemento establecido neste capítulo.

Artigo 49º.-Procedementos para a avaliación do alumnado.

1. Os procedementos de avaliación aplicados polo equipo docente terán en conta a competencia xeral e as capacidades profesionais, persoais e sociais características do título, que constitúen a referencia para definir os obxectivos xerais do ciclo formativo e os obxectivos, expresados en termos de resultados de aprendizaxe, dos módulos profesionais que o conforman.

A valoración do grao de consecución destes resultados de aprendizaxe farase tomando como referencia inmediata os criterios de avaliación establecidos para cada módulo.

2. Na avaliación do módulo de formación en centros de traballo, terase en conta a valoración feita pola persoa ou as persoas responsables designadas polos correspondentes centros de traballo para o seguimento da formación do alumnado durante a estadía nestes.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

3. Os procesos de avaliación adecuaranse ás necesidades metodolóxicas que presenta o alumnado con necesidades específicas, e garantirase a súa accesibilidade ás probas de avaliación.

Artigo 50º.-Cualificacións.

1. A cualificación dos módulos profesionais será numérica, entre 1 e 10, sen decimais, agás no de formación en centros de traballo (FCT) que se cualificará como «apto/apta», ou «non apto/non apta». Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos.

2. A nota final do ciclo formativo será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada un dos módulos, expresada con dous decimais. Os módulos validados ou exentos non se poderán computar para os efectos de cálculo de cualificación final do ciclo formativo.

Artigo 51º.-Documentación resultante do proceso de avaliación.

1. Os documentos do proceso de avaliación das ensinanzas de formación profesional son o expediente académico do alumnado, as actas de avaliación e os informes de avaliación individualizados. Os informes de avaliación e os certificados académicos son os documentos básicos que garanten a mobilidade do alumnado.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

2. O informe de avaliación individualizado incluírá as cualificacións parciais ou valoracións de aprendizaxe outorgadas ata ese momento ao alumno ou á alumna, as medidas tomadas de reforzo educativo ou de flexibilización na duración das ensinanzas, as validacións ou exencións concedidas, as actividades propostas para a recuperación de módulos, e cantos outros aspectos de índole educativa se consideren salientables.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, no seu artigo 23 expón que para cada UD se indicarán:

b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se trata.

d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado, en relación cos instrumentos de avaliación, os mínimos exixibles e o peso da cualificación.

e) Contidos.

f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación.

– Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.

– Procedemento para a recuperación das partes non superadas.

a) Procedemento para definir as actividades de recuperación.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

No CAPÍTULO VIII. Avaliación das ensinanzas da formación profesional inicial, o Artigo 25. *Aspectos xerais do proceso de avaliación, dí:*

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado nos ciclos formativos realizarase de xeito diferenciado por módulos profesionais. En todo caso, a avaliación na formación profesional inicial realizarase tomando como referencia os obxectivos, expresados en resultados de aprendizaxe, e os criterios de avaliación de cada un dos módulos profesionais e os obxectivos xerais do ciclo formativo, segundo o establecido no correspondente currículo.

2. A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, nas modalidades de ensino presencial cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo.

3. O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. **Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.**

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

4. O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

5. O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, **non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional**, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

Artigo 26. Cualificacións.

1. A cualificación dos módulos profesionais, agás o de formación en centros de traballo (FCT), será numérica, entre un e dez, sen decimais. A superación do ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en todos os módulos profesionais que o compoñen. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos. A cualificación obtida nun módulo profesional superado trasladarase a calquera dos ciclos formativos en que este estea incluído.

2. Na avaliación do módulo profesional de FCT colaborará co titor ou coa titora do centro educativo o titor ou titora da empresa que designe o correspondente centro de traballo para o período de estadía do alumno ou da alumna. A cualificación do dito módulo profesional será en termos de «apto» ou «apta», ou «non apto» ou «non apta».

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

3. A nota final do ciclo formativo será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada un dos módulos, expresada con dous decimais. Os módulos profesionais validados ou exentos non se computarán para os efectos do cálculo da cualificación final do ciclo formativo.

4. Os alumnos e as alumnas que obtivesen unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou a alumna.

O número de matrículas de honra que se poderán conceder nun ciclo formativo nun curso académico será como máximo de dúas. No caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados con opción a titular nun curso académico sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra.

Artigo 28. Avaliación inicial.

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, **incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas**, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

Sección 2.ª Avaliacións parciais e finais no réxime ordinario

Artigo 29. Avaliacións parciais de módulos do primeiro curso

2. Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos do primeiro curso deixarase un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes.

3. Para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos de primeiro curso.

Non obstante, nos módulos superados a cualificación final coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Artigo 31. *Avaliacións parciais de módulos do segundo curso.*

En calquera caso, a cualificación final dos módulos de segundo curso e módulos pendentes de primeiro farase efectiva na sesión de avaliación final de módulos do segundo curso. **Non obstante, nos módulos superados a cualificación final coincidirá coa obtida na avaliación parcial previa á realización da FCT.**

4. O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter módulos pendentes de primeiro e/ou segundo curso, poderá recuperalos neste mesmo período. Para este fin, o equipo docente **asignaralle unha serie de actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.**

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Sección 3.ª Avaliacións parciais e finais no réxime para as persoas adultas

Artigo 34. Avaliacións parciais de módulos.

2. Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos deixarase un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes.

3. Para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos.

Non obstante, nos módulos superados a cualificación final coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial.

Sección 4.ª Avaliación das probas libres

Artigo 37. Avaliación das probas libres de módulos.

1. As probas libres de técnico e técnico superior realizaranse de xeito diferenciado por módulos profesionais e tomarán como referencia os resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación dos currículos dos ciclos formativos vixentes, e avaliaranse de acordo co disposto no punto 1 do artigo 26 desta orde.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2015/16:

Terceiro. Perda do dereito á avaliación continua nos ciclos de grao medio e de grao superior

1. Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro. Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia inxustificadas consonte o anterior nun determinado módulo superen o 6 % respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo de acumular un 10 % de inasistencias inxustificadas con respecto á súa duración total.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe comunicarase a perda do dereito á avaliación continua. No caso de que se produza a perda do dereito á avaliación continua, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

2. Para o alumnado matriculado logo de iniciadas as actividades lectivas, non se terán en consideración as sesións previas á formalización da matrícula.

3. O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspóndete. O devandito alumnado **non terá dereito** a realizar para eses módulos as correspondentes actividades de recuperación a que se refiren os artigos 29.3, 31.4 e 34.3 da Orde do 12 de xullo de 2011, e no caso do segundo curso do réxime ordinario non terá acceso ao módulo de Formación en centros de traballo no período ordinario.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O punto 5 da programación nos indica “Mínimos exixibles para acadar a avaliación positiva e criterios de cualificación”.

En xeral, neste apartado indicamos as porcentaxes de avaliación de contidos (exames), procedementos (traballos) e actitudes (táboas observación)

5. Criterios de cualificación

2015/2016, Carrozaría
Elementos estruturais do vehículo, v.2

Módulo profesional MP0258: Elementos estruturais do vehículo

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os aspectos de avaliación serán:

Exames escritos dos contidos teóricos e prácticos.

Observación e valoración por parte do profesor da realización dos traballos e, concretamente sobre: participación, actitude, iniciativa persoal, responsabilidade, cumprimento e calidade nos traballos, puntualidade na entrega de traballos ou tarefas, normas de seguridade e hixiene, coidado do material.

Aspectos avaliáveis en porcentaxes:

Exames	40%
Observación	30%
Memorias	30%

A puntuación será de 0 a 10 puntos en cada un dos instrumentos de avaliación sendo a nota final a media acadada descontando as faltas de

Gardar

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Imos facer unha serie de propostas diferentes, o que non significa que a nivel “inspección” estes criterios de cualificación non sexan válidos (neste caso recomendo substituír coñecementos, actitudes e procedementos polos instrumentos utilizados):

1º.- Os mínimos exixibles para acadar avaliación positiva son , por norma, o que precisa superar o alumnado para acadar unha nota de 5.

Isto é:

- Superación dos instrumentos que conteñan CA's marcados como mínimo cun 5
- Outras consideracións que dentro da liberdade de cátedra consideremos:
 - Consideración dunha nota mínima nos instrumentos que non conteñan CA's mínimos para facer media có resto
 - Tratamento da comprobación de ter copiado nun instrumento de avaliación
 - Tratamento das faltas de orde.

O mais doado, sería indicar que a superación de tódolos instrumentos con CA's mínimos sería condición para superar o módulo.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Se consideramos a posibilidade de aplicar outras condicións, deberemos reflectilo na programación (apartado 5) e indicarllo ao alumnado para cumprir a normativa e evitar reclamacións.

Por tanto, teremos especial coidado en non indicar mínimos que contradigan a legalidade como “diminución da puntuación por faltas de asistencia/ puntualidade”.

Outros aspectos como anular unha proba na que se copia e non facer unha recuperación, ou limitar a nota máxima da avaliación por algunha circunstancia son rexeitados pola inspección.

Mais adiante veremos como incluír nos instrumentos de avaliación aqueles aspectos referidos á actitude do alumnado.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exixibles:

Para acadar a avaliación positiva deberase obter unha puntuación de 5 puntos como resultado da suma das porcentaxes das unidades formativas.

A nota de cada unidade didáctica será a media das notas dos instrumentos de avaliación empregados.

En cada unidade didáctica deberá superar cada un dos instrumentos que conteñan criterios de avaliación fixados como mínimos cunha nota de 5.

Para que un instrumento de avaliación que non conteña criterios de avaliación mínimos faga media deberá obterse unha puntuación mínima de 4

Criterios de cualificación:

A nota de cada unidade formativa será a resultante de aplicar as porcentaxes das notas de cada unidade didáctica. A nota que figura na avaliación será a nota anterior dividida pola porcentaxe da unidade formativa.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Se aplicamos as porcentaxes en cada unidade didáctica para o cálculo da nota, indicaremos neste apartado esas porcentaxes:

No exemplo anterior sería:

UD1 15% da nota

UD2 20% da nota

UD 3 10% da nota

.....

Asemade, indicariamos as porcentaxes das notas de cada unidade formativa:

UF 1 (UD 1; UD 2; UD 3) 45%

UF2 (UD 3; UD 4) 55%

Módulo profesional MP0258: Elementos estruturais do vehículo

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Porcentaxe da cualificación das UD's:

UD 1	15%
UD 2	10%
UD 3	10%
UD 4	10%
UD 5	10%
UD 6	10%
UD 7	10%
UD 8	15%
UD 9	10%

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Criterios de cualificación dos instrumentos:

No apartado 5 da programación sería convinte indicar asemade os criterios fixados para cada tipo de instrumentos de avaliación:

Memorias: Valoración 0 a 10 sobre 10 ítems nunha lista de cotexo (check list)

Traballos: Valoración de 0 a 10 sobre 10 ítems nunha táboa de observación

Rúbricas: Valor 0-2-4-6-8-10 dependendo do nivel acadado

Probas prácticas: Valoración 0 a 10 sobre unha escala de valoración

Probas obxectivas: Valoración 0 a 10 sobre preguntas / exercicios. O valor de cada unha se indicará nas instrucións da proba.

Rexistros anecdóticos: Valoración 0 a 10 sobre 10 ítems

A nota da UD será a porcentaxe indicada nas notas dos instrumentos aplicadas nesa UD.

Módulo profesional MP0258: Elementos estruturais do vehículo

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Criterios dos instrumentos:

Listas de cotexo: De 0 a 10 puntos nunha escala (si/ non) sobre 10 ítems

Táboas observación: De 0 a 10 puntos nunha escala de valoración (1, 2, 3, 3) sobre 10 ítems

Probas obxectivas: De 0 a 10 puntos. O valor de cada pregunta e nº delas se indicará en cada proba

Rexistros anecdóticos: De 0 a 10 puntos segundo puntuación de 10 ítems. Un rexistro por UD.

A aplicación do proceso de avaliación continua require a asistencia regular do alumnado ás clases e ás demais actividades programadas. Para tal efecto, no regulamento de réxime interior do centro establece o número de horas máximas que un alumno poderá deixar de asistir a cada módulo profesional, para ter dereito a ser avaliado, que non poderá ser superior ó 10% da duración do módulo.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Criterios de cualificación dos instrumentos:

Se aplicamos as porcentaxes indicadas nos CA's, podemos definir o valor de cualificación de cada instrumento:

O valor en porcentaxe da nota dun instrumento será a suma das porcentaxes dos CA's aplicados no mesmo. Deste xeito, no apartado 5, correspondente ás porcentaxes de cualificación, en lugar de indicar os valores de exames, memorias e observacións, indicariamos as porcentaxes de cada instrumento:

Exemplo:

Supoñamos que para a UD 1: “Implantación dun taller. Aspectos legais”, indicamos os seguintes CA's asociados aos instrumentos correspondentes:

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Critérios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos esixibles (S/N)	Peso na cualificación
Describiuse a definición de taller en función da súa especialidade, a categoría e o tipo de taller	Proba escrita	S	20%
Identificáronse os parámetros do estudo de mercado que definen a implantación do taller	Proba escrita		5%
Explicáronse as características da localización do taller.	Proba escrita		5%
Planificáronse os espazos e as dimensións necesarias para a implantación física das áreas nas instalacións	Memoria	S	20%
Calculáronse as dimensións e os espazos necesarios para implantación do taller	Memoria		10%
Atendéronse as instrucións de identificación e imaxe exterior e interior das instalacións dun taller	Táboa de observación		10%
Atendéronse as normas para ter en conta nas instalacións de iluminación, ventilación, ruído, aire, auga e drenaxes do taller	Táboa de observación		10%
Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas	Táboa de observación	S	20%

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

A porcentaxe de avaliación da UD 1 sería:

Proba escrita: 30%

Táboa observación: 40%

Memoria: 30%. (Indicado no apartado 5 da programación)

Asemade, se a UD1 significara o 10% da cualificación do módulo, gardariamos esta porcentaxe na nota final.

Proba escrita: Nota 6

Memoria: 8

Táboa observación: 8

No caso de non acadar un 5 en calquera das probas, non se daría por aprobada a UD xa que todas contan cun mínimo exixible. Neste caso a nota sería a media ou 4 se a media fora superior. Isto debe ser indicado na programación e explicado ao alumnado na presentación do módulo.

No caso de deseñar instrumentos sen ningún criterio mínimo, deberíamos indicar na programación no apartado de mínimos exixibles o valor da nota para que faga media có resto de instrumentos.

Nota UD 1: $(6 \times 0,3 + 8 \times 0,4 + 8 \times 0,3) = 1,8 + 3,2 + 2,4 = 7,4$ (nota para calcular na avaliación)

E nota da UD para o módulo = 0,74

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Vinculación entre os verbos máis habituais empregados na redacción dos CA co instrumento de avaliación máis acorde á acción que se debe avaliar. Terase en conta que, nalgúns casos, un mesmo verbo pode implicar varias accións, polo que será necesaria certa reflexión sobre o CA para elixir o mellor instrumento de avaliación .

Acción do verbo do CA vinculada á aprendizaxe de:	Verbo				Instrumento de avaliación
Feitos, conceptos e principios	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Analizar ▪ Argumentar ▪ Clasificar ▪ Comentar ▪ Comparar ▪ Comprender (mensaxes) 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Crear ▪ Definir ▪ Describir ▪ Diferenciar ▪ Discriminar ▪ Distinguir ▪ Enumerar 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Escribir ▪ Explicar ▪ Identificar ▪ Indicar ▪ Inferir ▪ Interpretar ▪ Precisar ▪ Recoñecer 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Relacionar ▪ Resumir ▪ Reunir ▪ Sinalar ▪ Sintetizar ▪ Xeneralizar ▪ Xustificar 	<p>Proba escrita. Para avaliar por escrito o coñecemento conceptual do alumnado pideselle que describa ou explique algún contido conceptual nun documento.</p> <p>Exemplos:</p> <p>Preguntas con respostas extensas (describir/explicar). Cuestionario de preguntas breves (describir) Cuestionario de selección ou de relación (seleccionar, relacionar) Outros tipos de cuestionarios (acción que realice o alumnado)</p>

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Acción do verbo do CA vinculada á aprendizaxe de:	Verbo				Instrumento de avaliación
Destrezas, habilidades e procedementos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Adaptar ▪ Amosar ▪ Analizar ▪ Aplicar ▪ Arquivar ▪ Atender ▪ Aumentar ▪ Calcular ▪ Caracterizar ▪ Clasificar ▪ Coller ▪ Comparar ▪ Compoñer ▪ Comprobar 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coordinar ▪ Crear ▪ Cuantificar ▪ Debater ▪ Debuxar ▪ Defender ▪ Delimitar ▪ Demostrar ▪ Desenvolver ▪ Deseñar ▪ Detectar ▪ Dramatizar ▪ Elaborar ▪ Elixir 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Executar ▪ Expoñer ▪ Formalizar ▪ Formular ▪ Gardar ▪ Lembrar ▪ Localizar ▪ Manexar ▪ Manipular ▪ Obter ▪ Optimizar ▪ Ordenar ▪ Organizar ▪ Participar 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Precisar ▪ Probar ▪ Procurar ▪ Programar ▪ Realizar ▪ Recoller ▪ Reconstruír ▪ Recoñecer ▪ Representar ▪ Reproducir ▪ Seleccionar ▪ Simular ▪ Situar ▪ Traballar 	<p>Proba escrita: <i>avalíanse por escrito os procedementos nos que o alumnado produce un documento que representa a o resultado da execución do procedemento. Por exemplo:</i></p> <p>Realizar cálculos. Elaborar debuxos, esquemas, etc. Deseñar obxectos (documentalmente: planos, cálculos)</p> <p>Táboa de observación: <i>Formada pola relación de subCAs (indicadores) dos que se compón o CA que se avalía.</i></p> <p>A TO aplícase normalmente para <i>avaliar por observación directa, é dicir, no momento no que o alumnado realiza as accións, como, por exemplo:</i></p> <p>Realizar medidas. Construír obxectos. Montar obxectos.</p>

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Acción do verbo do CA vinculada á aprendizaxe de:	Verbo				Instrumento de avaliación
Destrezas, Habilidades e procedementos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Confeccionar ▪ Construír ▪ Contrastar ▪ Controlar 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Empregar ▪ Enfrontarse a ▪ Equilibrar ▪ Establecer 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Planificar ▪ Potenciar 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Usar ▪ Utilizar ▪ Verificar 	<p><i>Tamén se pode aplicar unha TO para avaliar por observación indirecta cando o alumnado executa a actividade práctica e entrega un rexistro das operacións realizadas. Por exemplo:</i></p> <p><i>Instalar aplicacións informáticas</i></p> <p><i>A TO pode ser do tipo escala de valoración ou do tipo lista de comprobación (LC) (escala binaria).</i></p> <p>Proba tipo Outros: <i>Para os procedementos nos que o alumnado produce un obxecto que se recolle e se avalía en diferido aplícase un instrumento do tipo Outros .</i></p> <p><i>Aplicarase unha pauta de análise de produto como, por exemplo: "Especificacións técnicas de ..." ou calquera outra pauta que conteña indicadores de propiedades correctas do obxecto (acabados ou calidades, tempos de execución, etc.). Aplícase en casos como:</i></p> <p><i>Elaborar unha peza.</i></p> <p><i>Realizar unha montaxe.</i></p>

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Acción do verbo do CA vinculada á aprendizaxe de:	Verbo				Instrumento de avaliación
Valores, actitudes e normas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aceptar ▪ Actuar ▪ Adaptarse ▪ Adquirir o hábito ▪ Amosar interese ▪ Apreciar ▪ Aproveitar ▪ Axudar ▪ Coidar ▪ Colaborar 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comportarse ▪ Concienciarse ▪ Considerar ▪ Cooperar ▪ Criticar ▪ Esforzarse por ▪ Favorecer ▪ Interesarse por ▪ Obedecer 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participar ▪ Permitir ▪ Practicar ▪ Preferir ▪ Preocuparse ▪ Prestar ▪ Reaccionar ▪ Respetar ▪ Responsabilizarse ▪ Rexeitar 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sensibilizar ▪ Sentir ▪ Ser consciente ▪ Ser responsable ▪ Ter en conta ▪ Tolerar ▪ Tomar parte ▪ Valorar 	<p>Táboa de observación: <i>componse de comportamentos observables (indicadores) derivados de accións que o alumnado ten que realizar. Dependendo do tipo de escala que se utilice poden ser:</i></p> <p>Listas de cotexo. Escala binaria.</p> <p>Escalas de valoración. Escala de varios niveis.</p> <p><i>As táboas de observación son aplicables tamén para avaliar os cambios de comportamento asociados á aprendizaxe de actitudes, a execución de procedementos e a prestación de servizos que non xeran obxectos nin documentos avaliábeis.</i></p>

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Hai dous tipos de técnicas de avaliación: OBSERVACIÓN e DESEMPEÑO.

A de observación emprega os seguintes instrumentos para a súa aplicación:

- Listas de cotexo
- Escalas de rango
- Rúbricas

A de desempeño emprega os seguintes recursos para a súa aplicación:

- A pregunta
- Portafolio
- Diario
- Debate
- Ensaio
- Estudo de casos
- Mapa conceptual
- Proxecto
- Solución de problemas
- Texto paralelo

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: Observación

Listas de cotexo:

Tamén denominadas Check list

Son formatos creados para **realizar actividades repetitivas, controlar o cumprimento dunha lista de requisitos ou recoller datos ordeadamente e de xeito sistemático**. Se usan para facer comprobacións sistemáticas de actividades ou produtos asegurándose que non se esquece nada importante.

Para qué sirven as listas de cotexo

Os usos principais dos **checklist** son os seguintes:

- Realización de actividades nas que é importante que non se esqueza ningún paso e/ou deben facerse as tarefas cunha orde establecida.
- Realización de inspeccións onde se debe deixar constancia de cáles foron os puntos inspeccionados.
- Verificar ou examinar artigos.
- Examinar ou analizar a localización de defectos. Verificar as causas dos defectos.
- Verificación e análise de operacións.
- Recompilar datos para futuras análises.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: Observación

Listas de cotexo:

¿Cómo usar as checklists?

É importante que as listas de cotexo queden claramente establecidas e inclúan todos os aspectos que podan aportar datos de interese para a organización. É preciso que quede recollido na lista de cotexo:

- Qué ten que [controlarse](#) ou chequearse.
- Cál é o criterio de conformidade ou non conformidade (qué é o correcto e qué o incorrecto).
- Cada cánto se inspecciona: frecuencia de control ou chequeo.
- Quén realiza o chequeo e cáles son os procedementos aplicables.

Convén, por último, que se dispoña dun apartado de observacións a fin de poder obter información previa sobre posibles motivos que causaron a disconformidade.

Por outro lado, se imos usar os check lists para a obtención de datos, tamén se poden utilizar para construír gráficas ou diagramas para controlar a evolución dunha característica ou actividade. Tamén se utilizan para reportar diariamente o estado das operacións e poder avaliar a tendencia e/ou dispersión da produción, sen que sexa necesaria a realización de estatísticas ou gráficas de maior complexidade.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: Observación

Listas de cotexo:

Centrándonos nas dúas primeiras premisas deberemos definir qué controlar:

En principio os CA's determinan o que o alumnado debe realizar para acadar avaliación positiva, pero para iso, deben realizar unha serie de tarefas .

Podemos definir unha lista de cotexo cós CA's asociados ou ben podemos realizar para cada CA unha serie de items (indicadores) que informen das tarefas que realiza o alumnado para acadar o CA.

Para definir o criterio de conformidade, podemos optar por asociar a cada item un valor binario (si/ non) ou unha escala numérica.

Dependerá do grao de definición que desexemos dar a cada CA o que optemos por unha opción ou outra.

En calquera caso, os valores dos items deben ser trasladados a números e o valor total do instrumento debe sumar 10.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: Observación

Listas de cotexo: Valores binarios. Neste caso, recomendo para facilitar o labor, indicar 10 items.

Alumna:		
Data:	Cualificación:	
Tarefa de avaliación:		
Criterio de avaliación e indicadores	SI	NON
▪ CAx.xx. Realizáronse medicións de V e I en circuitos simples		
– Seleccionouse o instrumento de medida adecuado.		
– Seleccionouse a magnitude eléctrica ou o parámetro correctos no instrumento de medida.		
– Seleccionouse a escala de medida tendo en conta os valores esperados e adoptáronse precaucións para evitar danos no instrumento de medida.		
– Identificáronse os puntos de medida no esquema do circuito.		
– Conectouse o instrumento para medir a magnitude correcta respectando a polaridade adecuada, se é o caso.		
– Realizáronse a rutina de medida e a de comprobación do resultado.		
–		

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: Observación

Listas de cotexo: Escala de valores . Neste caso recomendo valorar de 0 a 5 ou de 0 a 10 .

Alumno/a:				
Data:		Cualificación:		
Tarefa de avaliación:				
Critério de avaliación	Mal	Regular	Ben	Moi ben
▪ CAx.xx. Realizáronse medicións de V e I en circuitos simples				
– Seleccionouse o instrumento de medida adecuado.				
– Seleccionouse a magnitude eléctrica ou o parámetro correctos no instrumento de medida.				
– Seleccionouse a escala de medida estimando os valores esperados e adoptando precaucións para evitar danos no instrumento de medida.				
– Identificáronse os puntos de medida no esquema do circuito.				
– Conectouse o instrumento para medir a magnitude correcta respectando a polaridade adecuada, se é o caso.				
– Realizáronse a rutina de medida e a de comprobación do resultado.				
–				

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: Observación

Listas de cotexo:

As listas de cotexo permiten realizar a avaliación por observación indirecta. Isto é, podemos pedir unha ficha de traballo onde se deban introducir aqueles datos que permitan avaliar os items definidos , ou ben comprobar se se cumpren na realización dunha memoria ou traballo de clase.

Cando se utilizan por observación directa da práctica do alumnado, decimos que se utiliza unha táboa de observación.

TÁBOAS DE OBSERVACIÓN:

Que son as táboas de observación?

Son táboas que conteñen indicadores (subcriterios de avaliación) que serven para avaliar se o alumnado realizou as aprendizaxes relacionadas cun criterio de avaliación. Dispoñen de columnas adicionais para realizar a valoración.

Utilízanse para avaliar as evidencias de desempeño, é dicir, empréganse cando se avalía o comportamento do alumnado en relación cunha actitude, a forma na que executa as operacións das que consta un procedemento ou a forma na que presta un servizo.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: Observación

TÁBOAS DE OBSERVACIÓN

As TO diferéncianse doutras táboas de indicadores en que as TO se utilizan exclusivamente para avaliar o desempeño do alumnado, é dicir, para avaliar a forma na que se conducen para realizar operacións ou comportarse adecuadamente. Este aspecto non se dá nas *pautas de análise de produtos, que son simples táboas de características técnicas ou de propiedades que debe reunir un produto elaborado polo alumnado, nin nas táboas de indicadores que se aplican para cualificar informes ou traballos*. Nas táboas de observacións podemos definir items relacionados coa actitude do alumnado polo que non é preciso indicar o valor de avaliación de actitudes na programación xa que logo está incluído nestes instrumentos.

Os instrumentos de avaliación por observación directa aplícanse durante a realización da tarefa de avaliación ou mesmo das tarefas normais (dependendo do que se estea avaliando) e requiren que se elabore unha táboa de indicadores individualizada, é dicir, unha para cada alumno ou alumna, na que se reflicta a realización do procedemento ou a aprendizaxe da actitude.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: Observación

Exemplo de táboa de observación:

ITEMS	ALUMNO Nº																
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17
Realización correcta do corte de chapa			X		X			X			X						
Medición de PROBETA 1	X	X	X		X	X	X	X		X	X	X			X	X	X
Uso de EPI's	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Medición de PROBETA 2		X	X	X	X				X	X			X	X			
Medición de PROBETA 3		X	X	X	X								X	X		X	
Medición de PROBETA 4					X	X	X	X	X	X	X			X		X	X
Uso dos EQUIPOS DE TALLER	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Orde e limpeza	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Traballo en equipo	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Entrega en tempo	X		X			X		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
TOTAL	6	7	9	6	9	7	6	8	7	7	9	6	6	8	7	8	7

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: Observación

Escala de rango:

A escala de cualificación ou de rango consiste nunha serie de indicadores e unha escala gradada para avaliar cada un deles. A escala de cualificación pode ser numérica, literal, gráfica ou descritiva

Escala	Indicador: Mantiene contacto visual con sus compañeras y compañeros.			
Numérica	4	3	2	1
Literal	A	B	C	D
Gráfica	Excelente	Muy bueno	Bueno	Necesita mejorar
Descriptiva	Siempre mantiene contacto visual	A veces mantiene contacto visual	El contacto visual que mantiene es escaso	Nunca mantiene contacto visual con sus compañeras/os

Utilízase para:

Avaliar o nivel de logro dos indicadores por parte de cada estudante.

Observar se un estudante acadou determinada competencia indicando ademáis o nivel acadado.

Avaliar comportamentos, habilidades e actitudes durante o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe.

Comparar características entre os estudantes.

FERRAMENTAS E RECURSOS PARA LA AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: Observación Escala de rango:

4 = Siempre, 3 = A veces, 2 = Escasamente, 1 = Nunca				
Aspectos	4	3	2	1
1. Mostró interés en participar durante el debate.				
